



Lugo, 25 de novembro de 2010

NOTA INFORMATIVA

**ALIANZA DE TERNERA GALLEGA E ACRUGA PARA O FOMENTO DA PRODUCCIÓN E DA
COMERCIALIZACIÓN DA CARNE DE VACÚN DE CALIDADE**

- **Por medio da sinatura dun convenio de colaboración que contempla a posta en marcha da marca “*Carne de Rubia Gallega*”.**
- **O presidente da IXP Ternera Gallega, Jesús González Vázquez, e o da Asociación Nacional de Criadores de Gando Vacún Selecto de Raza Rubia Galega, César Dorado Pin, subscribiron o acordo este mediodía na Facultade de Veterinaria de Lugo.**

Unir forzas para desenvolver e potenciar o sistema de produción da categoría Ternera Gallega Suprema e para mellorar a comercialización da ***Carne de Rubia Gallega***, en base ao carácter específico diferenciador da xenética desta raza acreditada por Acruga. Éste é o obxecto do convenio de colaboración, suscrito hoxe en Lugo, entre o presidente da Indicación Xeográfica Protexida Ternera Gallega, Jesús González Vázquez, e o da Asociación Nacional de Criadores de Gando Vacún Selecto de Raza Rubia Galega, César Dorado Pin.

Á sinatura, que tivo lugar na sala de xuntas da Facultade de Veterinaria, asistiron o vicerreitor de Coordinación e Planificación do Campus de Lugo da USC, Pedro García Herradón, a decana de Veterinaria, Ana M^a Bravo del Moral, o xefe territorial da Consellería do Medio Rural, Ramón Carballo, o presidente fundador de Ternera Gallega, Maximino Viaño, o director de Xenética Fontao, Alejandro Fernández e demais representantes de organizacións profesionais agrarias, cooperativas e outros técnicos do sector do vacún de carne.

Tanto a IXP como Acruga, teñen intereses comúns en relación coa defensa, promoción e potenciación do sector de vacún de carne de calidade de Galicia, sobre todo no referente aos tenreiros que proceden das explotacións tradicionais de carácter familiar. De aí que a finalidade principal deste convenio sexa o fomento da produción e a comercialización da carne de vacún de calidade, así como a cría, promoción e difusión da raza Rubia Galega e os seus produtos, baixo o identificativo *Carne de Rubia Gallega*, no marco da IXP.

Poderán comercializarse con esta marca todos aqueles tenreiros, machos ou femias, nados e criados en Galicia, que estean inscritos no Rexistro de Nacementos do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega, así como todos aqueles tenreiros que a xuízo dos técnicos de Acruga reúnan as características do estándar racial e poidan ser aptos para sacrificar baixo a citada marca, e sempre que procedan de explotacións gandeiras inscritas no Consello Regulador da

IXP e superasen todos os controles que establece o Regulamento da Denominación.

Compromiso global co sector do vacún de carne

Tanto Ternera Gallega como Acruga consideran fundamental a colaboración entre as dúas entidades, así como coas demais asociacións e organizacións con intereses e competencias en relación co sector de vacún de carne de calidade, para o desenvolvemento dun programa de difusión da raza Rubia Galega e a súa promoción e potenciación no conxunto do sector agrogandeiro en Galicia.

O acordo entrará en vigor o próximo 1 de xaneiro de 2011 e terá unha duración de 25 anos. Para garantir o cumprimento do convenio crearase un Comité Técnico de seguimento, que prestará especial atención a todas aquelas cuestións que no seu desenvolvemento poidan xurdir, así como a difusión e evolución da marca *Carne de Rubia Gallega* no marco da IXP. Cada cinco anos realizarase unha avaliación xeral dos resultados do convenio e da súa repercusión no sector gandeiro. A fin de acadar un mellor desenvolvemento e execución do acordo, en beneficio das gandarías e do conxunto do sector de vacún de carne de calidade en Galicia, as dúas entidades firmantes solicitarán o apoio das Administracións públicas, en especial da Consellería do Medio Rural.

ACRUGA, conservación e mellora da Raza Rubia Galega

Acruga é unha entidade recoñecida polas Administracións públicas, que se encarga da defensa, fomento e potenciación da raza Rubia Galega, así como da súa selección e mellora xenética e da xestión do Libro Xenealóxico da citada raza. Acruga ten na súa propiedade unha marca rexistrada na Oficina Española de Patentes e Marcas, denominada *Carne de Rubia Gallega*, cun logotipo descrito e adscrito á devandita marca.

Ternera Gallega, máxima dignificación do vacún de carne de calidade

A IXP Ternera Gallega é unha entidade inscrita nos rexistros da Unión Europea (UE) como IXP e recoñecida como corporación de dereito público, que ten personalidade xurídica propia, e cuxas funcións son o control integral, a certificación e a promoción da carne de calidade procedente do gando vacún nacido, criado e sacrificado en Galicia, de acordo co establecido no seu Regulamento e no seu Manual de calidade.

Para máis información:

Montse Calvo/ Laura Enríquez

Comunicación IXP Ternera Gallega

Tels. 629 82 82 36/ 981 59 66 12